

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. En relación co dereito á protección da saúde establecido no artigo 43 da Constitución Española:

- A) É un dereito fundamental.
- B) É un principio reitor da política social e económica.
- C) Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- D) As respostas B e C son correctas.

2. Son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria, tendo en conta o establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade:

- A) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- B) Os estranxeiros non residentes en España, así como os españois fóra do territorio nacional, na forma que as leis e convenios internacionais establezan.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros comunitarios.
- D) As respostas A e B son correctas.

3. Segundo a Lei 55/2003 do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, os nomeamentos de persoal estatutario temporal poderán ser:

- A) De interinidade ou de obra e servizo.
- B) De interinidade ou de substitución.
- C) De interinidade, de carácter eventual ou de substitución.
- D) Todas as respostas son incorrectas.

4. Tendo en conta a ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia establecida na Lei 8/2008, de saúde de Galicia, sinale a resposta correcta:

- A) O Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase territorialmente en áreas e zonas sanitarias articuladas no Mapa sanitario de Galicia.
- B) As áreas sanitarias constitúen a demarcación territorial equivalente ás áreas de saúde contempladas na Lei xeral de Sanidade.
- C) As zonas sanitarias son divisións funcionais das áreas e constitúen as unidades elementais de prestación dos servizos sanitarios.
- D) Todas as respostas son correctas.

5. Para os efectos da Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, entenderase por “Datos de carácter persoal”:

- A) Calquera información concernente a persoas xurídicas identificadas ou identificables.
- B) Calquera información concernente a persoas físicas ou xurídicas.
- C) Calquera información concernente a persoas xurídicas identificadas.
- D) Calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables.

6. En relación co dereito a sindicarse libremente establecido no artigo 28 da Constitución Española, indique a opción FALSA:

- A) É un dereito fundamental.
- B) A lei poderá limitar ou exceptuar o exercicio deste dereito ás Forzas ou Institutos armados e aos funcionarios públicos.
- C) Mediante lei regularanse as peculiaridades do seu exercicio para os funcionarios públicos.
- D) A liberdade sindical comprende o dereito para fundar sindicatos e a afiliarse ao da súa elección.

7. NON é unha función do Parlamento de Galicia:

- A) Aprobar os orzamentos.
- B) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- C) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais aos Senadores representantes da Comunidade Autónoma Galega.
- D) Dirixir e coordinar a acción da Xunta e ostentar a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.

8. Segundo o establecido na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais teñen a consideración de “danos derivados do traballo”:

- A) Todo dano ocasionado por calquera máquina, aparello ou instrumento utilizado no traballo.
- B) As enfermidades, patoloxías e lesións sufridas con motivo do traballo por conta allea.
- C) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

9. Tendo en conta o establecido no Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o concurso–oposición, a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder da seguinte porcentaxe da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo:

- A) 30 por cento.
- B) 40 por cento.
- C) 50 por cento.
- D) Non se establece esta limitación.

10. En relación coas retribucións complementarias que se establecen no artigo 43 da Lei 55/2003 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, sinala a resposta FALSA:

- A) Poden ser fixas ou variables.
- B) As súas contías serán iguais para todos os servizos de saúde e determinaranse, cada ano, nas correspondentes Leis de Orzamentos.
- C) Diríxense a retribuír a función desempeñada, a categoría, a dedicación, a actividade, a produtividade e cumprimento de obxectivos e a avaliación do rendemento e dos resultados.
- D) O importe anual do complemento de destino aboarase en 14 pagas.

1. Segundo a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, cal dos seguintes NON é un dereito dos cidadáns con respecto ás administracións públicas sanitarias:

- A) Á información sobre os servizos sanitarios a que pode acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso.
- B) A utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxestións nos prazos previstos.
- C) A asinar o documento de alta voluntaria nos casos de non aceptación do tratamento.
- D) A que quede constancia por escrito de todo o seu proceso.

2. Segundo a Lei de saúde de Galicia, a atención primaria non inclúe entre o seu catálogo de servizos:

- A) A atención ordinaria e continuada das urxencias.
- B) A rehabilitación básica.
- C) A prevención e control das enfermidades transmisibles.
- D) A atención á saúde bucodental.